

# Concello de Vimianzo

C

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 05/12/2012

O

Na vila de Vimianzo, ás vinteunha horas do día cinco de decembro de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria e urxente convocada para este día.

P

Asisten os seguintes membros:  
D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D. José Manuel Perez Trillo

I

A

Ausentes:  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
~~D. Pablo López Vázquez~~  
~~D. Juan Carlos Amado Sambade~~



Ú

Secretaría: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventora: D.<sup>a</sup> Gema Leal Insua

B

Antes de comezar, visto que faltan moitos concelleiros, o Sr. Alcalde pregunta á secretaria se existe quórum para constituir o pleno válidamente.

A secretaria responde afirmativamente.  
O alcalde declara o pleno constituido.

L

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

I

### 1. Ratificar o carácter urxente da sesión.

Na convocatoria da sesión, asinada polo Alcalde o 4 de decembro de 2012 e notificada a tódolos membros da Corporación antes das quince horas do propio día 4, motivase o carácter extraordinario e urxente da mesma:

C

*"O motivo da convocatoria da sesión extraordinaria con carácter urxente é adoptar o acordo plenario de participación no Plan DTC 94, dado que o acordo inicial adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 26/09/2012 tivo que ser modificado, atendendo ao requirimento da Sección de Plans Especiais da Deputación.*

A

*O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria realizada o 23/11/2012, aprobou a segunda fase da anualidade 2012 do Plan DTC 94, na que se inclúe a solicitude de Vimianzo, condicionado á presentación da ratificación polo pleno municipal do acordo de participación no Plan.*

*A proposta da Alcaldía, ditaminada desfavorablemente na Comisión Informativa de Obras o 20/11/2012, foi rexeitada polo pleno na sesión ordinaria do 24/11/2012. Con data 29/11/2012 recíbese circular da Deputación (R 8810) na que se insta ao concello a remitir dito acordo plenario, motivo polo cal se convocada a presente sesión, con carácter urxente."*

C

En cumprimento do disposto nos artigos 46.2.b) da LBRL e 79 do ROF, o Pleno debe pronunciarse en primeiro lugar sobre a urxencia.

O

Sometida a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia, obténdose a maioría simple esixida pola normativa de aplicación (artigo 83 do ROF, a contrario sensu).

P

**2. Modificación do acordo plenario do 26/09/2012 de aprobación dos proxectos de obras e solicitude de inclusión deste concello no Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos.**

I

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Obras, reunida o 20 de novembro de 2012:

A

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor (BNG), tres votos en contra (PSOE, IxV e PP) e ningunha abstención, ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se cofecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

P

A) Obras e suministros:

Ú

B

L

I

C

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Melloras no contorno da casa de cultura de Baiñas	32.426,39	0	32.426,39
Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo	37.437,4	0	37.437,4
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Salto	35.320,37	0	35.320,37
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo	32.950,49	0	32.950,49
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Cereixo, Vimianzo, Cambeda, Salto, Tines e Castrelo	37.858,01	0	37.858,01
Actuacións no patrimonio municipal en Vimianzo e Baiñas	47.932	0	47.932
Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beirarrúas e cunetas da estrada municipal entre Tines e Quintáns (Treos)	102.915	0	102.915
<b>TOTAL</b>	<b>326.839,66</b>	<b>0</b>	<b>326.839,66</b>

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

A

SEGUNDO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

TERCEIRO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes



# Concello de Vimianzo

doutras administracións para a súa execución, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

CUARTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde indica que o 28 de novembro chegou unha circular da Deputación da Coruña na que se conmina ao concello de Vimianzo a cumprir a condición a que quedou sometida a aprobación da solicitude de participación do concello, referida á ratificación polo pleno de dita solicitude (base 5.1). Polo tanto, falta o requisito da ratificación, que é o que se vai facer neste momento. Dalle a palabra ao concelleiro do PP, Sr. Pérez Trillo.

O Sr. Pérez Trillo sinala que vai votar a favor das obras. Entende que quizais digan que está apoiando ao BNG, pero el considera que votar a favor das obras é beneficiar ao municipio. Sinala que viñera ao pleno ou non, el ía votar a favor das obras. Non sabe o que ían facer os seus compañeiros do grupo municipal do PP, e de feito descoñece o motivo polo cal non están presentes, pero dado que el é o único representante da oposición, lóxicamente vai votar a favor. Indica que así se decidiu na xestora do PP de Vimianzo. Afirmo que unha das obras non lle satisface plenamente, que se podía empezar por outro lado, pero non nega que sexa unha obra necesaria.

O Sr. Alcalde agradece a presenza do concelleiro do PP e a súa actitude responsable, criticando as cousas que están mal e apoiando as que benefician ao concello.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Melloras no contorno da casa de cultura de Baiñas	32.426,39	0	32.426,39
Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo	37.437,4	0	37.437,4
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Salto	35.320,37	0	35.320,37
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo	32.950,49	0	32.950,49
Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Cereixo, Vimianzo, Cambeda, Salto, Tines e Castrelo	37.858,01	0	37.858,01
Actuacións no patrimonio municipal en Vimianzo e Baiñas	47.932	0	47.932
Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beirarrúas e cunetas da estrada municipal entre Tines e Quintáns (Treos)	102.915	0	102.915
<b>TOTAL</b>	<b>326.839,66</b>	<b>0</b>	<b>326.839,66</b>

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

C

O SEGUNDO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.


P TERCEIRO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

I CUARTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

A O Sr. Alcalde proclama o acordo. Cre que das reunións destes días todos sacaron conclusións. Dirixíndose ao concelleiro do PP, dílle que toma boa nota da actitude do seu partido e valorarao. Mostra o seu agradecemento aos presentes na sesión.

P E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e sete minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o cinco de decembro de dous mil doce.

Ú O ALCALDE



A SECRETARIA,



Ú  
B  
L  
I  
C  
A